

# NORMATIVA SOBRE PROGRAMAS DE MOBILIDADE DO ALUMNADO NA FACULDADE DE DEREITO

## **NORMATIVA SOBRE PROGRAMAS DE MOBILIDADE DO ALUMNADO NA FACULTADE DE DEREITO**

### **1. Criterios de selección.**

A selección do alumnado da Facultade de Dereito que participará nos programas de mobilidade estudantil no estranxeiro levarase a cabo atendendo ós seguintes criterios:

- a) O expediente académico.
- b) O coñecemento da lingua do país de destino.
- c) O curso de Grao e número de créditos superados na Titulación.

### **2. Expediente académico.**

2.1. Terase en conta a nota media do expediente académico, computado ata a última convocatoria pechada no momento de realizar a selección. O extracto do expediente no que figure a nota media xa calculada solicitarase na Secretaría de Alumnado do centro pola/s persoa/s encargada/s de efectuar a selección.

2.1. Requírese unha nota media simple mínima de 1 punto para a admisión no proceso de selección. Excepcionalmente, se houbera excedente de prazas e previa autorización do/a Sr/a Decano/a, poderán admitirse solicitudes con unha cualificación inferior próxima á devandita nota mínima.

### **3. Coñecemento da lingua do país de destino.**

3.1. Terase en conta o nivel acreditado de coñecemento do idioma empregado como lingua de ensino na Universidade de destino.

3.2. Os coñecementos previos do idioma respectivo poderanse acreditar:

- a) Mediante a presentación de certificacións recoñecidas na convocatoria ou na normativa de Relacións Internacionais da Universidade.
- b) Mediante os resultados obtidos nas probas de idiomas organizadas polo Centro de Linguas da Universidade de Vigo, nos termos previstos na convocatoria de bolsas Sócrates-Erasmus ou na convocatoria de que se trate.
- c) No caso de idiomas para os que non estea prevista a realización de probas de nivel organizadas polo Centro de Linguas da Universidade de Vigo, poderanse ter en conta calquera outros medios que (a xuízo do Responsable de Relacións Internacionais) acrediten debidamente o nivel de coñecemento da lingua de que se trate.

3.3. Esta valoración traducirase nunha puntuación de 0 a 3, segundo o seguinte baremo:

- a) Nivel Alto: 3
- b) Nivel Medio: 2

- c) Nivel Baixo: 1  
d) Coñecemento nulo: 0

#### **4. O curso de Grao para o que se solicita a bolsa e o número de créditos superados na Titulación.**

4.1. O alumnado de cuarto curso terá preferencia sobre o de cursos inferiores, consonte ás disposicións neste punto contidas na Memoria do Título.

4.2. Así mesmo, na valoración para a selección terase en conta o número de créditos superados polo/a alumno/a en supostos nos que poidan presentarse candidatos en igualdade de condicións.

#### **5. Ponderación dos criterios e publicidade dos resultados.**

5.1. Os criterios anteriores serán ponderados consonte á relevancia porcentual outorgada a cada un deles e mais en función do país de destino, segundo indica a táboa inferior:

	Países de fala hispana	Italia, Portugal e Brasil	Outros destinos
Expediente académico	100%	80%	70%
Coñecemento da lingua	0%	20%	30%

5.2. En tódolos destinos, agás para países de fala hispana, valorarase o coñecemento da lingua inglesa, que poderá equivaler ata 1/3 do apartado correspondente ao coñecemento da lingua.

5.3. A puntuación final obterase aplicando as anteriores ponderacións ás puntuacións relativas obtidas nos dous apartados anteriores. Na selección atenderase rigorosamente á orde de preferencia que se derive do resultado acadado.

5.4. A asignación de destinos publicarase no taboleiro de anuncios de Relacións Internacionais, sen prexuízo dunha notificación persoal por vía electrónica.

#### **6. Criterios académicos para a elaboración do contrato de estudos.**

6.1. Con carácter xeral, terase en conta o período correspondente aos 60 créditos que equivalen a un curso académico completo.

6.2. As materias cursadas no estranxeiro deberán equivaler en duración e contidos ás que se pretenden validar na Universidade de Vigo.

6.3. Non se poderán incluír no contrato de estudos materias pendentes, que xa foran cualificadas como suspenso polo menos unha vez na Universidade de Vigo.

6.4. O número máximo de créditos totais obxecto de recoñecemento cursados ao abeiro da participación en diversos programas de intercambio no estranxeiro será de 80.

6.5. O recoñecemento da cualificación obtida no estranxeiro gardará a debida correspondencia co sistema de cualificacións da Universidade de Vigo. En particular, para os países incluídos, estarase ao resultado de aplicar a táboa de conversión anexa.

6.6. O traballo de fin de Grao non poderá cursarse ao abeiro dun programa de intercambio.

## 7. Publicación e aplicación.

A presente normativa, una vez aprobada pola Xunta de Facultade, será publicada no portal de Internet do centro e no taboleiro da Facultade, e aplicarase ós procesos de selección que se inicien a partir da súa aprobación.

### ANEXO: TÁBOA DE CONVERSIÓN DE CUALIFICACIÓNS.

<b>ECTS / Numérica</b>	<b>F/FX Deficiente/ Insuficiente</b>	<b>E/D Suficiente/ Satisfactorio</b>	<b>C Bien</b>	<b>B Muy Bien</b>	<b>A Excelente</b>
<b>España (0/10)</b>	- 5	5-5.9	6-6.9	7-8.9	9 - 10 - M.H.
<b>Italia (0/30)</b>	- 18	18 = 5 19 = 5.6 20 = 5.9	21 = 6.2 22 = 6.5 23 = 6.9	24 = 7 25 = 7.5 26 = 7.9 27 = 8 28 = 8.5	29 = 9 30 = 10 30 L= M.H.
<b>Portugal (0/20)</b>	- 10	10 = 5 11 = 5.5	12 = 6 13 = 6.5	14 = 7 15 = 7.5 16 = 8 17 = 8.5	18 = 9 19 = 9.5 20 = 10
<b>Francia (0/20)</b>	< 10	10 = 5 11 = 5.5	12 = 6 13 = 6.5	14 = 7 15 = 7.5 16 = 8 17 = 8.5	18 = 9 19 = 9.5 20 = 10
<b>Alemania (5/1)</b>	5	4 = 5 3.5 = 5.5	3 = 6 2.5 = 6.5	2 = 7 1.8 = 7.5 1.7 = 8 1.6 = 8.5	1.5 = 9 1.3 = 9.5 1 = 10

<b>Alemania (0/18)</b>	0-3	4 = 5 5 = 5.5 6 = 5.9	7 = 6 8 = 6.5 9 = 6.9	10 = 7 11 = 7.5 12 = 7.9 13 = 8 14 = 8.5 15 = 8.9	16 = 9 17 = 9.5 18 = 10
<b>Reino Unido (0/100)</b>	- 40	40 = 5 45 = 5.5 49 = 5.9	50 = 6 55 = 6.5 59 = 6.9	60 = 7 61 = 7.2 62 = 7.5 63 = 7.7 64 = 7.9 65 = 8 66 = 8.2 67 = 8.5 68 = 8.7 69 = 8.9	70 = 9 75 = 9.20 80 = 9.40 85 = 9.60 90 = 9.80 95 = 10 100 = M.H
<b>Grecia (0/10)</b>	- 5	5-5.9	6-6.9	7-8.9	9 - 10 -
<b>Rumanía (0/10)</b>	- 5	5-5.9	6-6.9	7-8.9	9 - 10 -
<b>México Tecnológico Monterrey (0/100)</b>	-69	70 = 5.0 71 = 5.1 72 = 5.2 73 = 5.3 74 = 5.4 75 = 5.5 76 = 5.6 77 = 5.7 78 = 5.8 79 = 5.9	80 = 6.0 81 = 6.1 82 = 6.2 83 = 6.3 84 = 6.4 85 = 6.5 86 = 6.6 87 = 6.7 88 = 6.8 89 = 6.9	90 = 7 91 = 7.5 92 = 8 93 = 8.5 94 = 8.7	95 = 9.0 96 = 9.25 97 = 9.5 98 = 9.75 99 = 10 100 = M.H
<b>México Guadalajara (0/100)</b>	-60	60 = 5 65 = 5.62	70 = 6.25 75 = 6.87	80 = 7.5 85 = 8.1 90 = 8.7	95 = 9.375 100 = 10

DILIXENCIA para facer constar que a presente “Normativa sobre programas de mobilidade do alumnado na Facultade de Dereito” foi aprobada pola Xunta da Facultade de Dereito de Ourense na data 20 de decembro de 2011 e publicada oficialmente na páxina web e nos taboleiros de anuncios da Facultade o día 6 de febreiro de 2012.

A SECRETARIA

María Dolores Fernández Fustes